

# A ROSA TERRA

IDEARIUM  
DAS

IRMANDADES  
DA FALA

Ano XIV

Núm. 273

1.º de Xulio do 1930

CAMILLO DIAZ

RG 106/1

Grandes Almacenes de Tecidos  
**NUEVO MUNDO**

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIONS

DISPONIBLE

INMENSO SURTIDOS EN PANOS DA REXIÓE EXTRANXEIROS CONFECIÓANSE  
TODA CRAS DE PRENDAS PARA MULLE-  
RES, HOMES E NENOS

San Andrés, 41 e 43 - Teléfono 256  
A CRUÑA

A superioridade dos  
**CALZADOS SENRA**

Abonda para iustificar a preferencia dos consumidores, mais o  
procedere d'unha industria galega,

**HONRA DA NOSA REXION**  
obriga á non gastar outros á cantos sinten amor pol-a sua Terra

Fábrica. Avenida da Granxa - A CRUÑA

**DESPACHOS: Cantón Grande, 15 - A CRUÑA-REAL, 110-FERROL, Principe 9-VIGO**

**DISPONIBLE**

# A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

---

## Redacción e Administración

Rúa Real, 36, - 1.º

A CRUÑA

## Precios de Suscripción

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano 6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

---

ANO XIV



1.º de Xulio do 1930



Núm. 273

---

## AO DECORREL-OS DIAS

Temos que recoller con ledicia n'estas páxinas a baruda e rexa aitude que o pobo galego en xeral e unha boa parte da prensa, por non decir toda, adoutou encol do asunto do camiño de ferro A Cruña-Zamora. Gracias a ela, pódese decir que as obras non foron suspendidas nin aprazadas, que, dígase o que se diga, non era outro o propósito.

Ao parecer, pois aínda non se dixó nada definitivo, Galicia triunfou no seu preito, e o camiño de ferro será unha realidade no seu día.

O sucedido agora é a rexa e unánime vontade expresada por Galicia ao se tratar d'un probrema seu, queremos nós, e para eso escribimos estas verbas que non sexa unha cousa esporádica e fácil de esquencer

Debe ser o comenzo d'un troque xeral no xeito con que os galegos debemos, de agora en diante, enfocar os nosos probrems para solucionar-os.

Así, rexamente, barudamente, con perfeíta unanimidade e elevado espírito de galeguismo, e non cobardemente, mansamente, como ate agora tiña sido nosa norma.

Parécenos que chegamos xa a unha maoría de e dade, na que non é posible tolerar mais tutelaxes nin mais cobardías.

Resalta do o feito, quédanos sômente confiar en que Galicia seguirá portándose como fixo agora, que é como decote debéu facel-o.

\* \* \*

Por virtude do mesmo asunto, resucítase en Galicia d'un xeito que



parece firme, a necesidade de ir á constitución d'unha Mancomunidade. ¡Xa era hora!

Dende o ano 16, data da creación das Irmandades, viñemos os nacionalistas batallando encol da cuestión. Nada temos conquistado.

No ano 24 Lousada Diéguez e Vicente Risco fixeron un proxecto de Mancomunidade, que sometido á aprobación das Diputacións galegas non foi aceptado. Peña Novo fixo un estudo rematado n'un libro notable. As nosas páxinas están cheias de traballos encol da cuestión. A laboura xornalística dos nacionalistas está ategada de pensamentos sobre a necesidade de facela.

Ainda menos mal si'ao fin, nunca é tarde, é agora o momento de creal-a. Permítasenos que non podamos ocultar un algo de pesimismo. Dito con franqueza, non confiamos moito na constancia nin no galeguismo das persoas que hoxe compoñen os organismos provinciales. Non estamos afeitos a ollar por parte d'aquelas corporacións un tan consecuente e fondo galeguismo como para que poidamos confiar moito n'elas, O mesmo agora que denantes. Mais, emporiso, non é pouco, que se fale da cousa tanto como se ven falando. Que non fique todo en verbas é o noso desexo, que ven a ser o mesmo que a necesidade de Galicia.

\* \* \*

Xa, por autorización oficial, poden dende agora ondear as bandeiras rexionaes. Xa se nos permite, como si fora un pecado, expresarnos libremente na nosa fala aos hespañoes pertencentes a rexións que teñen idioma distinto do oficial. Na sutureas oficiaes recoñécese a realidade do problema, e anque con certas limitacións, permitensenos falar galego e pendurar a nosa bandeira.

Non queda máis remedio que agradecerl-o. Non e posible entrar a estudar o fondo da cousa. Nós quixéramos que unha cousa como esta de carácter tan íntimo, tan sentimental, non estivera suxeita ás magnanimidades oficiaes. Debera ser algo natural, como natural é o fondo do problema que suscita estas prohibicións e autorizacións.

Como así non é, non podemos mais que facer que arelar, sin confiar moito, que andando o tempo non se nos volte a privar do dereito que agora se nos recoñece.

Orgaizándose en toda Galicia as Irmandades, enterámonos do manifesto que fixeron os de Betanzos que insertamos a continuación:

## MANIFESTO

Galego, irmán querido: Agora que, inda paseniñamente, parece que vamos a un restabrecimento da normalidade, e preténdese impoñer o dereito por riba da forza mirando aos dereitos sagrados que a ley fundamental do Estado Español decrara; agora é a hora de voltar ao espallamento do noso ideal, o ideal nóbrega e santo que todo bon galego cobixa no seu corazón, cal é; o engrandecemento da nosa terra.

Nas demais rexións da España—perfeitamente nacionalidads—orgaizanse con mais forza que nunca pra nós decir que dentro da península ibérica hay un gran sentimento de agarimo pol-a terra de cada ún, e necesita de leis descentralizadoras que resolvan de cada unha autónamente os seus problemas propios.

Esta mesma idea recoñecena todolos partidos políticos, e o mesmo monárquicos que repúblicans arránxana pra os seus programas. O mesmo actual goberno de S. M. non quere dar a espalda á realidade e comenza recoñecén donos persoalidá ao derogar aqitel real decreto do 18 de Septiembredo 1923 é volvendo a autorizar o emprego dos idiomas e o uso da Bandeira rexional.

¿Non temos nós que decir que en Galicia se sinte en galego?. Si se sinte nas Américas, si se sinte fóra da nosa terra, ou nós somos unhos desleigados, ou temos que manifestar ese sentimento.

Por todo esto o 27 do pasado mes de Abril, celebrouse na Cruña unha asamblea co-as representaciós de todal-as irmandades e demais simpatizantes da sagrada causa, na que, servindo de xurdia compe-

netración de ideas, abrirá meior o camiño fai tantos anos comenzado.

Cecais esté vostede xa enterado d'esta asamblea, mais creemos necesario recordarlle aquí os principais acordos n'ela tomados.

Primeiro e principalmente acordouse dar forza as Irmandades da fala e as demais irmandades galeguistas—que comprenden nos seus programas todal-as actividades: cultura galega (cultivo do idioma literatura, arte, música etc...); estudos sociais e d'economía; sección agraria; sección política; e todo o demais que a Galicia afecte. Para a meyor orgaización e harmonía recoñecóuse á Cruña una especie de dirección de todal-as Irmandades galeguistas, en cuya Irmandade d'ésa cibdad existirá un directorio; pero en cada cibdad, vila ou pobo gobernaranse autónamente as suas Irmandades que tamén pódense constituir delegacións. Cada membro contribuirá na sua Irmandade ca cuota que poida, debendo non ser inferior a duas pesetas mensuais, e todas enviarán á da Cruña un 75% pra mayor axuda da dirección e publicación da revista "A Nosa Terra" que recibirá todo asociado.

Tamen se acordou pra o meyor desenrolo da actuación política, simpatizar con un partido autonomista galego, de tendencia repúblican e agrario. Mais esto non quere decir que a política deixe de ser soasmentes unha sección das actividades que esta Irmandade ha conquistar, nin que esa política deixe de ser tan ampla que escluya calquera idea que sexa esencialmente galeguista.

Aquí está en duas verbas todo o que pol-o momento se lle pode decir.

Irmán, Betanceiro, Mariñán: Non se necesita facer moita memoria para lembrarse da hestoria da nosa orgaización que deu froitos tan xurdios e que a partir do ano 1918 conquirin espallar con fis

tan nobres o seu ideal por toda esta bisbarra mariñán, formando masas corales, certames literarios, conferencias, mítins, e constituíndo unha Irmandade cuxa bandeira conserva.

Non deixe querido, irmán de sentirse galego, e sendo de Betanzos volva coa súa colaboración ou axuda ó espallamento do ideal santo que nos ha de redimir. Por vostede agardamos.

Pol-a irmandade de Betanzos  
o primeiro conselleiro interino,

LOIS CORTIÑAS

Praza dos Irmãos García Naveira, 4.

Con este manifesto espállase un regramento d'esta antiga irmandade.

## DO MOMENTO

Non podemos ter esperanza ningunha en que o Estado acolla as necesidades de Galicia, por mui xustas que as crea e que elas sean. Non podemos esperar que as acolla porque o Estado, hoxe, e dendes de fai xa moito tempo, é unha xunta de intereses contrapostos; intereses todos lexítimos, inda que uns sean mais lexítimos que outros; pero donde o que mais pode mais fai pra sí, con perxucio dos que non teñen tan bós valedores, aínda que lle asista mais xusticia. Esta é unha verdade que confirman os feitos de todol-os días. Entramentras unhas rexións pasan a súa vida na explotación de outras, como hoxe acontece, e están orgaizadas para defender a toda costa esa explotación; non hai outro remedio que porse a tono co elas pra se defendere. Defendernos nós por nós é ante nós. Pensar que nos ha defender o Estado é porse fora da realidade. Porque o Estado está representado ou controlado

pol-o menos por esa rexión que convirte ás demais en tributarias d'ela. Pol-o mesmo pensar que o Estado nos faga xusticia é tan inocente como lle pedir a un renteiro que non ten outra cousa de que vivir que renuncie as súas rendas. Para ter a seguridade de que nos fagan xusticia temos que facer o que fixeron as rexións que hoxe están á cabezeira do progreso hespañol; nos organizare e nos defendere. Estar decote atentos a todo o que pode interesarnos, e non permitir que ninguén fale por nós, nin menos que poida dispoñer das nosas cousas sin o noso consentimento. Que non se dea a circunstancia noxenta de que os trigueiros castelás poidan xuntarse en Asambleia e acordal-o réxime cerealista que lles conveña impolles ás demais rexións, como si elas non tiveran outra misión que a de se someter ao que elas quixeren. Que non poida ninguén, sexa quen sexa, tratar dos nosos problemas fundamentais con vistas á "Gaceta" sin contar denantes connosco. Que é o menos que se pode pedir. Hasta parece mentira que haxa que decir estas cousas, que xa deberían caer de seu.

Hai que culpar menos ao Estado dos nosos males, e culparnos mais a nós. Poñel-o Estado por blanco dos nosos tiros é desviala arma da nosa punteiría. El como poñernos nós a un lado da cuestión, cando a cuestión debe sempre començar por nós, única maneira de ser ben levada. Convén poñel-o pobo fronte a fronte c'os seus problemas e facerlle ver que eles sómente poden ser satisfactoriamente resoltos si os resolve el. Cando o pobo teña o convencimento íntimo que o seu adianto na vida, o seu milloramento solo depende d'el e d'el nada mais lle pode vir, veredes como as cousas cambian completamente para Galicia. Por eso creio que non toda a culpa dos males que nos suceden convén botarl-la ao Estado.



Está ben, si, señalar ao Estado comon dos máis culpables, poque un Estado que soupera cumprir c'ó seu deber non debía obligar aos cidadáns a que tivesen que conquistar o que se lles debe dar por lei de xusticia, mais o principal cargo n'esto débese facer caer do lado do pobo para que desperte e seipa que o seu ben vivir depende d'el mais que de ninguén.

XOSE LESTA MEIS

## HOMENAXE A OTERO PEDRAYO

O Domingo 8 de Xunio celebrouse en Ourense o homenaxe a Otero Pedrayo do que xa teñen coñecemento os nosos leitores

A egrexia persoalidade de Otero Pedrayo fai tempo tiñase feito acreedora a un homenaxe de Galicia enteira en proba de agradecemento pola fecunda, maravillosa e patriótica laboura que a súa penna prestixiosa anda a facer. No momento actual Otero Pedrayo é un símbolo da nova Galicia. El encarna como ninguén as supremas aspiracións da nosa terra encamiñada a acadar un por vir venturoso. Otero Pedrayo, o gran sementador, en cada artigo xornalístico abre novos vieiros á vida de Galicia e á súa cultura. Os seus libros levan á literatura galega novos hourizontes e por eles a cultura galega traspasa os lindeiros patrios despertando preocupación e agarimo no mundo enteiro,

Traballador infadigable dende a mañán á noite o seu cerebro privilexiado é yunque onde se forxan os elementos que han de constituir a futura Galicia. Na hora actual de rexurdimento íntegro dos nosos valores autoctonos Otero Pedrayo ten ca-

tegoría de forxador de un pobo que xurde el preno de vitalidade a unha nova vida.

As súas verbas teñen emoción evanxélica e ao conxuro d'elas todol-os galegos sin distinción sinten rebulir no corazón o verme patriótico que anuncia para Galicia un glorioso despertar.

Por ser así e sabel-o Galicia enteira o agardado homenaxe tiña de ser algo xurdido onde ficara de manifesto a admiración e o cariño que a nosa terra sinte pol'o noso apostol

En Ourense xuntáronse perto de trescentos galegos procedentes de toda as vilas galegas. Centos de telegramas e cartas levaron a presenza espiritual de moitos que non puideron concurrir ao aito.

Esto foi unha explosión de galeguismo conscente que arredor da figura simbólica de Otero Pedrayo tivo calurosa e sentida manifestación. Os discursos pronunciados tiveron fortes e rexos matices patrióticos que acadaron a quentura compenetrada dos presentes. O homenaxe deu motivo para que Otero Pedrayo fixese unha peza oratoria, dina páxina do seu talento e do seu fervor patriótico.

«A Nosa Terra», que considera a Otero Pedrayo como parte integrante e preferida do seu sér sinte rebulir emoción e ledicia lembrando éste homenaxe que considera como un dos aitos de mais fondo patriotismo que se teñen realizado na Galicia.

Para Otero Pedrayo, onte, hoxe e mañan o noso corazón afervoado de admiración entrañable.

---

**Este número foi revisado pol-a Censura.**

## PANORAMA

Non cabe dúbida que desde que desapareceu a primeira dictadura, as cousas galegas andan a xurdir de xeito bastante acentuado. Parece como si se verificase un fenómeno raro que as impulsase. Fálase hoxe da personalidade de Galicia, do seu idioma, da súa bandeira, das súas necesidades económicas e políticas. Até se chega a pretender dar unha batida rexa a Bugallal, o home omnipotente. Sucede todo isto con tal rapidez que eu, francamente, non sei que pensar.

Até fai uns meses os únicos que falábamos de estas cousas éramos os nazionalistas, e non fai falla lembrar como as nosas voces casi resoaban a oco no valeiro espírito da masa galega. Agora todo o mundo é galegista, ou pol o menos o di.

¿Será certo ou será unha moda dos tempos? Eu non podo ocultar as miñas dúbidas, pois parece-me imposible que así, tan de súpeto, sexan aceptadas as nosas teorías galeguistas que denantes, cando non eran tachadas de arredistas, eran tomadas con sorna por parte dos *galegos cultos*, moitos dos que agora pretenden aparecer como defensores da idea galeguista. ¡Até un señor que fai pouco tempo aínda pedía un cadaleito para o uso do idioma agora aparece reconecéndoo, ademitíndoo e propagándoo!

Non está mal. Pol-o pronto o que compre é deixar ben sentado que nis tiñamos razón, que non éramos ilusos nin tolos. Que representamos unha forza espiritual formidable, pol-a que tarde ou cedo todo

o mundo ha ser arrastrado.

Agora, que ao meu xuicio, aínda non debemos cantar victoria. Celebremos que as cousas vaian por ese camiño, pero non nos adiantemos moito. Estas cousas teñen que ter unha forza espiritual, un convencimiento cômproto que sexa motor que as impulse e faga camiñar. Sin eso como si non pasará nada. E eu aínda non estou moi convencido de que todo o que agora ándase a facer en honor de Galicia e do seu sentimento patriótico sexa producto d'unha fonda compenetración c'os problemas da terra. Paréceme moito entan pouco tempo.

Pol-o si ou pol-o non compre de cirilles aos galegistas de recente aparición, que os galegistas vellos, de toda a vida, os que loitamos sempre contoda clase de obstáculos oficiaes e c'a indeferencia de moitos dos que agora aparecen pensando como nós que vemos con mui bos ollos este rápido rexurdimento, que o agradeecemos no nome de Galicia e dos seus ideaes reivindicadores, pero que agardamos ver trocados en feitos mais positivos e firmes.

E nós non estusiasmarnos moito pol-o que agora sucede ¡Non vaia a ser que algún día voltemos a nos quedar sós, si as cousas, que todo pode suceder, trócanse, e vóltamos a pasar por períodos nos que non haxa a facilidade que agora parece que hai para alardear de certas ideaes!

Dende a nosa vangarda patriótica ollamos con satisfacción estas cousas, pero o noso deber está en ollar sempre para diante. Os que queiran que nos sigan, que o camiño xa está trillado por nós.

VICTOR CASAS.



## O problema tuberculoso en Galicia

Con este título apareceu fai poucas datas un intresantísimo libro que, por encárrago do Dispensario Antituberculoso da Cruña, publicou o noso distinto amigo doctor Peña Novo. Fora el un de tantos meritorios traballos de divulgación encol da terrible plaga que arrebatara tantas vidas de galegos, e con ser moi dignos de loa non nos parecera apropiado de sere comentado n'este boletín. Mais, aparte da exposición maxistral que fai da fatal doenza na nosa Terra, e da preocupación que todos debemos ter de ir en procura d'aquelas medidas profilácticas cuio abandono constituíe unha doorosa vergoña para quen se precie de pobo civilizado, aparte, decimos, d'estes feitos d'indole sanitaria, échenos de fonda tristura o nos enterar por tan documentado libro dos tráxicos problemas sociais que se desprenden das ispidas verdades que non por facernos laiar a i-alma, son menos dignas de seren valentemente expostas.

Moita razón ten o Dr. Peña Novo en decir que si o problema ha de asombrar e intimidar pol-a sua magnitude, mais debe intimidar a indiferencia do pobo e a estoica resignación que el ten, sin o mais cativo gallo de rebeldía, como acostumbra con todo.

Quéixase o estudoso médico de esa falla de rebeldía, que consinte que en Galicia morra unha persoa cada hora vítima da tuberculose. ¡Triste fatalidade dos galegos que en todo fan o mesmo c'os seus magnos problemas! Cada hora pódese cometer con eles unha nova aldra-

xada, que tamén estoicamente aguantarán, sin que atisbe unha lonxana esperanza de baruda rebeldía.

A tuberculose causa en Galicia oito mil cento sesenta e tres defuncións ao ano; diariamente 22'36 e aproximadamente, unha cada hora.

Expóñense con toda clase de detalles a lamentabel situación de Galicia en canto se refere a profilaxis, e demostra que a falla de medidas sanitarias é a causa, pois é sabido que as condicións naturais da rexión son as mesmas d'algúns países que, pol-a sua actuación en combater o mal de que se trata, van á testa das mais atortunadas pol-o que a morbilidade e mortalidade se refere. Resulta que o problema sanitario galego ten por característica o abandono, e por este motivo todos teñen o deber de propagar esta importante anque triste verdade.

O concienzudo traballo do Dr. Peña Novo entra na fase mais interesante cando trata de expoñer os medios de ire á loita contra a propagación do mal. Protesta do patrón úneco para toda Hespaña, e, con sobrada razón, arremete contra os que pretenden facer dende Madrid a campaña sanitaria que Galicia necesita. As circunstancias especiais da nosa Terra débennos obligar a orientar a loita tuberculosa en consonancia c'o especial carácter étnico da rexión, e até c'os costumes e a psicoloxía dos seus habitantes.

Debemos facer resaltar as impropias vivendas da maioría do noso rus, e non esquecer esas mulleres arredadas dos seus maridos emigrantes, que traballan de máis e co-

men de menos, e, en troques, han atender á lactancia do vástago, o que da os primeiros pasos pol-o mundo n'un ambiente xa predisposto para edequirir o mal

Por si total-as lacras expostas forán poucas, Galicia recibe unha inmigración, ou, mellor dito, unha emigración de retorno, procedente dos países americanos, que anualmente devolve milleiros de vencidos moral, física i-económicamente. No ano 1925 desembarcaron nos portos galegos trinta e un mil trecentas catro persoas. Os Médicos da Mariña Civil din que o sesenta por cento de esta xente é tuberculosa; e decir, que pol-os nosos portos entran anualmente vinteunmil noventaos doce tuberculosos, que aínda que moitos non fiquen en Galicia, unha gran proporción ven a agravar o triste problema de que nos ocupamos.

O autor do libro trata de dar a conocer os remedios, rematando, mui acertadamente ca preocupación que nos debe caber pol-a emigración. Facer que non deixen a Patria sin saber a donde van, que se lles informe das súas posibilidades de traballo, condicións, etc., así como do clima e demais características da terra a donde se van a dirixir. Os dous sanatorios da Lanzada e de Cesuras han rematarse canto antes, e para elo todol-os galegos ricos e pobres, deben contribuir económicamente ou d'outro xeito; mais nunca esquecer que Galicia necesita protección para ese magno problema, que non por non ser único deixa de ser dos principaes. Traballando encol da súa resolución,

traballaremos pol-a raza, que é tanto como decir pol-o porvir e engrandecimento da Terra.

S. MOSTEIRO

---

## Pra o Día de Galicia

Sabemos que iste ano o Día de Galicia vai ser celebrado na nosa Terra d'un xeito entusiástico.

O comité xecutivo das Irmandades da Fala anda a espallar un manifesto que os nosos lectores poden lér n'este número, e no que se invita a total-as delegacións e tamén a total-as entidades e persoas de Galicia a que n'ese día organicen algún festival literario como homenaxe á nosa fala. N'algunhas vilas véñense xa preparando. Moitos xornaes galegos deron a súa conformidade para publicar o 25 de Xullo diversos orixinaes en galego.

"A Nosa Terra," "Nos," "El Pueblo Gallego," "El Faro de Vigo" e outros periódicos publicarán números extraordinarios.

Os elementos galeguistas das Américas celebrarán tamén varias aitos patrióticos, e "A Fouce," "Céltiga," "Despertar Gallego" de Bos Aires, ademáis de outras revistas, publicarán edicións especiais.

Sabemos tamén que algunhas entidades oficiais, como o Concello e a Diputación cruñeses, o Concello de Betanzos, Vigo, Santiago Ourense e algús máis farán ondear nos seus edificios a bandeira galega. A este respecto, queremos facer un chamamento para que o exemplo cunda, e o día 25 poidase facer unha manifestación xêral en Galicia de aceptamento e amor á bandeira.

Compre pedir tamén que as librerías amostren os seus escaparates con libros galegos, e que as orquestas dos teatros e dos cafés executen programas de música galega.

Confiamos en que este ano o día de Galicia deixará marcado unonsel patriótico para anos sucesivos, e por elo espresamos por adiantado a nosa íntima satisfacción.

## IRMANDADE DA FALA DA GALICIA

Comunicación que se mandou a diversas entidades e persoas da Terra, península, América, etc.

Por acordo que se tomou na VI Asambleta Galeguista, xuntada na cidade da Cruña e á que acudiron xentes de todas crás de tendencias políticas e ideolóxicas, tenciónase facer unha «Diada» ou festa da lingua da nosa terra pol-a vez primeira na data do 25 de Xulio veñideiro.

N'estes momentos nos que latexa entre tódol-os bos' galegos a arela de chegaren á creazon d'un organismo intermunicipal e interprovincial que poida ser com'o vencillo que nos leve ó rexurdimento da unidade da rexión para que esta acade o cumprimento dos seus degoiros históricos, recobrándose a si mesma, unha «Diada» ou festa da lingua que se celebre simultaneamente na maioría das cidades e vilas da nosa terra e nas nosas colonias das Américas. d'outros pobos da España e de Portugal resultaría o millor meio d'affirmación da personalidade da Galicia

En tódal-as cidades e vilas gallegas hai «feixes» de xentes devotas da fala materna. Poucos ou moitos cultivadores da mesma non faltan en ningures. Doado é, emporiso cumprir tan patriótico acordo onde queira, facendo n'unhos lugares, si mais se non pode, unha sinxela lectura de versos ou de prosas «enxebres», n'outros conferencias ou discursos, n'outros representacións d'obras teatraes. O interesante maiormente é que no Día da Galicia se lle renda oulto á lingua materna en tódal-as partes, non sô en forma oral, das maneiras ditas, senon tamén por escrito nos periódicos de calquer tendencia, a cuio efecto pregamos ós directores d'estes con fondo encarecemento que non esquezan publicar inda que sexa unhas curtas liñas na nosa fala ó 25 de Xulio.

Asín a nosa orixinalidade racial mostráse vivan trunfante, xurguindo c'un vencillo superior ás forzas do home a tódol-os que unha mesma natureza déulles os mesmos sentimentos, facéndoos diversos no universo para que poidesen poren o seu

propio acento na solidariedade mundial da cultura. A lingua, nos pobos que respondendo a leis mesolóxicas invencibéis chegaron a creala, é a proba mais esgrevia de personalidade co leitiva, o imperativo mais rexo de superación, a obra de arte mais xurdia de seleccionismo etnográfico, xeográfico e histórico; un insuperábel valor criacionista que define *per se* á terra que o posee, dándolle carácter propio, con destaque do conxunto, no concerto universal dos instrumentos d'espresión idiomática naturaes. Non consideralo asín supón tanto como arrenegar do molde ou crisol etnolóxico para camiñar pol-a vida com'as rameiras que s'entregan a todos sintindo a sua inferioridade moral pol-a falla d'un resorte interior que erga o espírito con arelas de santa fecundación. Nada mais triste e lamentabel que o despersonalizado senso d'unha rameira, allada flor d'ergástula e de xineceu mercenario, como non sexa un pobo que perde o seu estilo axeitándose para se trocar en territorio con habitantes, no canto de país con alma onde a vontade de ser fica en estéril matriz na que o frito d'unha cultura propia, resellada pol-o cuño do «genius loci» non callará xa endexamais.

Se para a Galicia sonou xa o *væ vitis*, embora que deixe no esquencimento a lingoa de seu, facéndose n'esto única escepción no mundo e pecando asín contra natura: d'aquela, sempre *cursoris*—a cursilería é falla de espiritualidade e naturalidade—trataremos somentes d'imitarmos ós pobos superiores e de nos confundir con eles, levaándo como de cote na i-alma o sentimento de cousa inferior e irredimíbel, perdida toda fe no espontaneismo racial, divino celme da nosa tradición e da nosa historia que ó longo dos tempos nos fixo diversos dos mais. Pro si arreglamos un xurdio futuro, entón é perciso o cultivo da lingua materna que nasceu do propio «go» com'unha íntima simbiosis entr'a paisaxe e a nosa alma, froito d'antergos diálogos do home galego c'o seu horizonte físico—ar, auga, ceo, terra—para perpetuar no mundo através das xeneracións o noso «ego ipsisimus». Esta lingua, nai da portuguesa, vizosa nas cinco partes do orbe, gloriosa lingua atlánteca que foi instrumento internacional do lirismo pe-



ninsular na Idade Media, sonando doce como ningunha nos ouvidos de reis e cortesáns e sempre verbo dêsque se ata hoxe do noso traballo, alma viva do noso *demós* é o valor mais outo da personalidade da Galicia. Perdendo ese valor xa non seremos senon unha triste e gris colonia esvada, cuia proba tédela ben crara no feito de que actualmente cando se fala como se anda a falar pol-os políticos hispanos das rexións ibéricas de personalidade definida merecentes da autonomía, nunca se lembran da nosa terra, aceita vountariamente o xug) mais despersoalizador que é o d'un idioma alleo no que nin inda en senso de gratitude a somellante sumisión deixa de se nos aldraxar desde fai cinco séculos.

Facémoslle, pois, este rogo aceso o en sagro patrianismo: Que terme d'organizar na vila onde vive un acto d'homenaxe á fala materna—sinxelo ou solemne, según os meios cos que conte—na data do Día de Galicia (25 de Xulio) dándonos conta o mais axiña posibel dos seus propósitos a tal respeito. E amen d'este acto, xestionaf no periódico ou periódicos da súa localidade, caso de os haber, que públiquen unhas liñas escritas na nosa lingua, nazarena das linguas, que dixo Curros, na mesma data. A voz dos mortos anterros—país, nais, abós—dos nosos poetas viva e encareada en poemas inmorrentes, e a do noso agro e a nosa mariña deitan n'estes liñas cubizadoras do añudamento do pasado e o futuro.

Seus irmáns na causa da Terra.

Salvador Mosteiro.—Ramón Otero Pedrayo—Antón Villar Ponte—Antón Iglesias Vilarelle.

As respostas, diríxanse á Irmandade da Fala, na Cruña, Real 36-1.º

## Un Homenaxe a Castelao

Villar Ponte e Otero Pedrayo teñen dado a idea, que "El Pueblo Gallego" recollén, con entusiasmo e agarimo, de que Galicia tribute o homenaxe que lle debe ao gran patrióta e artista eximio Alfonso Castelao.

A idea atopóu quentura en todas partes; non podía ser d'outro xeito tratándose do Castelao, e falla somentes determinarse a orgaizal-o e pensar en que vai a consistir. Pol-a nosa parte parécenos que o mais axeitado, e tamén o que mais estimará Castelao, será imprentarlle o maravilloso álbum de dibuxos que fai uns anos expuso en varias vilas galegas. El Pueblo Gallego falou tamén, abundando no que agora decimos, considerandô como o mellor xeito de saldar a débida que Galicia ten contraída con Castelao.

Pregamos aitividade na organización do homenaxe, que confiamos non quede n'un de tantos proieutos.

---

## LEMBRANDO

Agora que o Decreto encol do uso das bandeiras rexionaes pon de actualidade ésta custión queremos lembrar o caso que ao pouco tempo de chegar a pasada Dictadura pasounos co'a censura que entón exercíase.

No número de A Nosa Terra do 1.º de Abril do 1924 pretendimos publicar un cadro con dono versos conocidos encol das bandeiras hespañola e galega.

Decía así:

### AS DUAS BANDEIRAS

Como el vino de Jerez	Ceo branco de luar,
y el vinito de Rioja	ceo azul do medio día
Son los colores que tiene	Son dous anacos de ceo
la banderita española	a bandeira de Galicia.

Co'a nosa mais grande sorpresa a censura tachou o verso galego e n'aquel número, que calificamos de histórico pois reflexa unha época de indignidade, apareceron machacadas as verbas galegas campando unicamente o verso castelán.

Hoxe que as circunstancias trocáronse parécenos un deber lembrar aquel feito agardando que d'esta vegada poderemos conquistar o noso propósito.

---

Suscríbese a «A Nosa Terra»

## A NOSA BANDEIRA

Na dúbida inxustificada que promoveu o concello d'Orrense aconsellado por dous ou tres señores encol de cal é a bandeira galega opinamos d' unha maneira definitiva que non é posible a dúbida. A bandeira adoutada por Galicia enteira en todo momento e que xa está consagrada polo voto popular dos galegos da metropoli e do mundo enteiro, é a bandeira conocida: branca co a diagonal azul.

Censuramos crudamente a intención que revela o pretender agora dividir as opinións como si se quixera, arteramente o dar a impresión de que non nos entendemos e rogamos a todas as entidades oficiais e particulares que denodadamente e por riba de todas as opinións mais ou menos xustificadas fagan ondear nos seus edificios a bandeira consagrada pola opinión unánime de Galicia que representa máis que toda crás de fundamentos ou apelacións históricas.

---

## NOVAS DA CAUSA

O Centro Galego de Montevideo dirixiu ao xefe do goberno hespañol unha solicitude en pro da creación de catedras de lingua e literatura galegas na Universidade, nos Institutos e nas Escolas Normales da Terra.

Expón varios fundamentos para apoiar a súa solicitude, e recorda que o idioma galego foi durante varios séculos o mais extendido e culto da Península, chegando ao seo cume no tempo do rei Sabio, e quedando d'aqueles tempos verdadeiros momentos literarios para a posteridade; que

a nosa lingua acadou miles de voces ao idioma castelán, e foi nai do portugués. Fai presente que o galego fálanno na Terra o noventa por cento dos habitantes. Remata dicindo que todas estas razóns mais as grandísimas ventaxas que o galego portugués ten pol-a súa extensión na América, Europa, Asia, África e Oceanía onde o falan mais de cincuenta millóns d'habitantes, son d'abondo suficientes para que na Galicia pénsese en laborar ardentemente pol-a cooficialidade dos idiomas galego e castelán.

Nós aledámonos fondamente do acordo do Centro Galego de Montevideo, e compartimos as súas atinadas razóns encol do estudo do galego, aínda que engadimos que, con ser elas tantas e tan importantes a nós abondábaos unha: que é a lingua nosa, e que pol-o tanto parécenos que temos dereito a que se dé o seu ensino, pol-o menos, na extensión con que se fai c'o castelán.



Con moito entusiasmo estase organizando a Irmandade de Ribadeo, que xa ten antrado ben na causa galeguista. Deica agora compoñen a delegación os irmáns seguintes:

Francisco Lanza.  
 Jesús Pulpeiro.  
 Manuel Martínez.  
 Armando Suárez Couto.  
 Antón Darriba  
 Emilio Pérez  
 Angel Santos Vila.

## EL AGRO

Acostúmbrase n'esta revista, como en todol-os xornás, facel-a reseña dos libros e xornás que se reciben n-unha seición adicada a este ouxeto; non embargantes esto, e aínda que pol-o d'agora non se recibeu n-esta administración mais que un número do xornal cuyo nome e o do encabezamento d'estas liñas, con verdadeira ledicia pretendemos facer unha gabanza do semanario que se publica en Chantada e se titula «El Agro».

Finada a primeira etapa da Dicotadura, cando por todas partes se anunciaba a volta a normalidade, moitos elementos políticos do partido de Chantada que simpatizan cos agrarios fundaron un periódico semanal. Non nos metemos na sua tendencia política porque segun parece é principalmente local e n'ese senso é algo difícil definirse sobre todo por nós que vivimos louxe. Só-lo si podese advertir que xa tuvo as suas persecucións que lle obrigaron a trocar de nome — antes chamabase *La Voz del Agro*— e a trocar de domicilio, que de Chantada vai a se editar en Palas de Rey povo do mesmo partido.

O que témos que gabar n'este semanario é a sua tendencia agraria que tanto ergue o espírito n'aquela

bisbarra e sobre todo o galeguismo de que está investido: recolle todol-os artigos, poesias e publicaciós feitas no idioma noso, e ésto é o que mais contribuye, sin desprenderse do castelán, pra facer o espírito patrio noso.

Que teña moita vida e que se estenda moito, que éso é o mellor que lles podemos desear e desearmos todos.

L. CORTIÑAS

---



---

## NOS

REVISTA MENSUAL DE CULTURA GALLEGA

Direitores:

*Vicente Risco e Alfonso R. Castelao*

Dirección, Santo Domingo, 47, Ourense.  
Administración, Linares Rivas, 50, A Cruña.

Abonamento, seis pesetas ano

---



---

## Portucale

*Revista ilustrada de cultura literaria, científica e artística.*

Direitores:

*Augusto Martins*

*Claudio Baslo*

*Pedro Pitorino*

Rúa dos Martires da Liberdade, 178 Porto

---



---



# BANCO PASTOR

Antes Sobrinos de José Pastor

Casa fundada en 1776

Capital suscrito . . . . .	Ptas.	17.000.000
Id. desembolsado . . . . .	"	11.000.000
Fondo de Reserva . . . . .	"	4.000.000

Casa Central: NA CRUÑA

## SUCURSALES

Vigo, Lugo, Viveiro, Ferrol, Sarria, Monforte, A Estrada, Tuy, Melide, Muxía, Carballo, Mondoñedo, Pontedeume, Villalba, Ribadeo, Ortigueira, Carballiño, Padrón, Póvoa do Caramiñal, Rivadavia, Noia, Barco de Valdeorras, Verín, Rúa Petín, Vimianzo, Ponteareas e Chantada.

### CONTAS CORRENTES CON LIBRETAS

Abonando os seguintes intreses:

A vista . . . . .	2	1/2	%	anual
A tres meses . . . . .	3		%	"
A seis meses . . . . .	3	1/2	%	"
A un ano . . . . .	4		%	"

### CAIXA D'AFORROS

Abonando intreses ó 3 1/2 % anual

### CONTAS CORRENTES EN MOEDA EXTRANXEIRA

Intreses a convir

Venta de xiros sobre todo o mundo, especialmente América

ZINCKE HERMANOS

LIBRERIA      PAPELERÍA  
IMPRESA

Cantón Grande, 21 - Estrella, 37

A CRUÑA

PAULINO FREIRE  
BOUZAS — VIGO

Sucursales: na Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa Aparellos armados e en panos, para barcos pesqueiros. Malletas de abaca e cáñamo alquitranado-Cables de aceiros, ingleses Aceites xenerás e vexetaes, e surtido completo para maquinaria e pesca.

SANTA LUCÍA, 26 E 28

A CRUÑA

# FILLOS DE H. HERVADA

(CASA FUNDADA EN 1865)

A CRUÑA

Ferretería, Quincalla, Muebles, Máquinas, Pedras Francesas para muiños etc. etc.

AGUAS DE  
**MONDARIZ**  
 FUENTES DE GÁNDARA Y TRONCOSO  
 Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador



Véndese en todas las  
 Boticas, Droguerías,  
 Hotels,  
 Depósitos d'augas  
 mineras,  
 Restaurants e  
 vagós camas de  
 tódol-os três.

As mais indicadas en casos de artritismo,  
 desnutrizón, diabetes, obesidades diversas,  
 doenzas do aparello dixestivo, anemia e  
 neurastenia.

Riquísima auga de mesa gaseada naturalmente.

**Mondariz-Balneario**

a 35 kilómetros de Vigo.